

## RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIONS

|  |
|--|
| EXPEDIENTE: <u>C87502:168</u>                                  |
| SITUACIÓN: <u>FONTE DA BALSA, B-III, P-2, 3º C - CULLEREDO</u> |

Por resolución da xefatura territorial de Infraestruturas e Vivenda de A Coruña de data 23 de febreiro de 2017 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente C87502:168, ó abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Tendo en conta que no prazo citado no parágrafo anterior unicamente presentou solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes don/a ANA BELEN SUAREZ IGLESIAS (nº de credencial 77466), unha vez comprobado o cumprimento por parte do interesado dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias, o xefe territorial en A Coruña

### ACORDA:

1. Non realizar o sorteo.

2. Declarar directamente adquirente a don/a ANA BELEN SUAREZ IGLESIAS (nº credencial 77466)

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante a señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A Coruña, 26 de abril de 2017

O xefe territorial da Consellería de Infraestruturas e Vivenda

José Antonio Álvarez Vidal